



OS GROBOS-AGÜEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora





En Becerreá, na Agüeira, ao pé do lugar de Cela, atópanse os Grobos, o lugar que acolle unhas curiosas formacións producidas pola erosión nas rochas calcarias, moi pouco comúns en Galiza (tanto as rochas calcarias como as formacións "kársticas" asociadas a elas). No afloramento calcario sobre o que se asenta o aciñeiral de Cruzul e o bosque da Agüeira, e dentro do espazo protexido do LIC Cruzul Agüeira, atópanse estas curiosas formacións rochosas e a súa vexetación asociada, con abundantes brións e numerosos fentos, ocultas nun bosque de castiñeiros, que só se aprecian cunha certa claridade cando o outono deixou ás árbores sen follas, aínda que as rochas nunca perden a súa coroa de hedras nin o seu cobertor de brións.

PERCORRIDO:

Para achegarnos aos Grobos saímos desde Becerreá, pola estrada, cara ás Nogais, e despois de pasar o impresionante viaducto de Cruzul, sobre o val do río Narón afluente do Navia, e o túnel da Porteliña, uns 5 km despois da saída, atópase Cela, o primeiro lugar ao que se pode acceder desde a estrada, e en Cela (onde non hai moito sitio para deixar o coche) comeza a ruta, unha curta camiñada duns 400 m (o dobre coa volta), sinalizada, que nos leva aos Grobos. Ao entrar en Cela collemos o camiño da esquerda e xa estamos no roteiro (unha baliza ao pé dunha casa, a esquerda, confírmannolo) que baixa ata onde o cruza un regueiro para facerse logo de subida. No alto, onde o camiño desaparece, hai un chantón de madeira que indica o lugar. A partir deste punto o tempo de que dispoñamos, as gañas que teñamos de darlle voltas ao sitio para ver polo miúdo as formas, os espazos e os detalles que chamen a nosa atención, son os que van marcar a duración da visita.

Aproveitando o paseo podemos ver o souto do lugar onde hai algún castiñeiro de máis de sete metros de perímetro.

Este mesmo roteiro pódese incluír dentro dun amplo percorrido (12 km lineais) que, cruzando o espazo protexido de Cruzul-Agüeira, baixa desde Becerreá.






Follas de castiñeiro e abelaira no outono



Fentos e brións aséntanse nas rochas e no solo do bosque.



Castiñeiro nas proximidades de Cela. -7 m de perímetro